



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN AS MEDALLAS AO MÉRITO DE PROTECCIÓN CIVIL DE GALICIA E OUTRAS CONDECORACIÓNS.

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o “ *Proxecto de Decreto polo que se regulan as medallas ao mérito de protección civil de Galicia e outras condecoracións*”, emite o seguinte,

INFORME

1. Marco normativo e competencial

Da implicación da cidadanía en Galicia respecto á protección civil é fiel expoñente a figura das Agrupacións de Persoal Voluntario de Protección Civil, en adiante “AVPC”, e o seu persoal voluntario, de longa traxectoria dende principio da década dos noventa, que de forma organizada interveñen en operativos preventivos, participando tamén, como calquera cidadá con coñecementos sobre a materia, na prestación do auxilio debido en situacións de emerxencia ata a chegada do persoal profesional.

Así mesmo poderíamos falar dos profesionais das emerxencias ou entidades e organismos que aportan un plus especial ás súas dedicacións en pro da axuda y colaboración en situacións de risco ou emerxencia.

É de xustiza que as accións meritorias que destaquen por riba do nivel de esixencia para cos demais que temos toda a cidadanía e todas as persoas voluntarias e/ou profesionais, sexan recoñecidas pola sociedade á que serviron desinteresadamente, xa sexan tanto as persoas individuais coma as xurídicas.

2. Necesidade e oportunidade

Aos efectos de considerar as accións sobresaíntes que en materia de protección civil tiveran o persoal voluntario ou profesional, así como entidades de todo tipo, publicouse a Orde do 22 de abril de 1994 (DOG n.º 82, do 29 de abril de 1994) que regula as medalla ao mérito e

as placas e diplomas de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia, e desenvolve o procedemento que se seguirá para a súa concesión.

Dende a publicación da citada Orde, publicouse mais normativa respecto da Protección Civil e das AVPC, coma o Decreto 56/2000, do 3 de marzo polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia e a Lei 7/2007, do 7 de maio de emerxencias de Galicia.

Pola experiencia adquirida nestes anos, xunto co desenvolvemento das actividades de protección civil, o incremento dos colectivos colaboradores e a propia participación cidadá, fan conveniente facer unha nova regulación normativa adaptándoa á situación de hoxe en día.

Polo tanto é preciso crear e determinar o deseño e características dunha serie de condecoracións, distintivos e distincións honoríficas, así como os correspondentes pasadores e insignias de lapela e, así mesmo, os diplomas acreditativos destes, que recoñezan os méritos extraordinarios de persoas físicas e xurídicas que tivesen lugar en beneficio da protección civil e seguridade pública no seu sentido amplo, así como, o servizo continuado en pro da protección civil.

3. Estrutura e contido

O presente proxecto de decreto conta con 16 artigos; unha disposición adicional, adicada ás distincións colectivas, e unha disposición derogatoria.

Así mesmo este proxecto de decreto conta con tres disposicións derradeiras, a primeira adicada á delegación de competencias, a segunda adicada á adaptación das mencións honoríficas concedidas con anterioridade e a terceira adicada á entrada en vigor do decreto.

4. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



Así, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, centro directivo impulsor remitiu ao Servizo Técnico Xurídico o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria xustificativa (artigo 41.2.a da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- Unha memoria económica (artigo 41.2.b da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- Unha táboa de vixencias (artigo 41.2.d da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- Unha memoria xustificativa da non necesidade do trámite da consulta pública previa previsto no artigo 133 da lei 39/2015, do 1 de outubro.

Así mesmo, consta o acordo previo de inicio do procedemento de elaboración da dita disposición asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (art. 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro)

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, esta publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que están en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro). Non se recibiron alegacións ao proxecto de decreto durante este trámite.

Posteriormente o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.

Resultou preciso solicitar un informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e un informe sobre as cuestións de legalidade e técnica normativa á Asesoría Xurídica Xeral.

Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero.

Así mesmo, ao regularse no proxecto de decreto procedementos administrativos, foi preciso solicitar informe á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, a tenor do previsto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Tamén foi preciso o sometemento do texto do proxecto de Decreto a informe da Comisión Galega de Protección Civil ao abeiro do artigo 29 da Lei 5/2007, do 7 de maio de emerxencias de Galicia.

O 30 de novembro de 2018 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o preceptivo informe sobre o proxecto de decreto.

Con data 12 de decembro de 2018 a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia emiten informe conxunto favorable sobre o proxecto de decreto.

O 19 de decembro de 2018 emitiu informe favorable a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos .

O 29 de xaneiro de 2019 a Comisión Galega de Protección Civil aprobou por unanimidade o texto do presente proxecto de Decreto, ao abeiro do previsto no artigo 29 da Lei 5/2007, do 7 de maio de emerxencias de Galicia.

O 12 de febreiro de 2019 a Asesoría Xurídica emitiu o correspondente informe favorable sobre o proxecto de decreto sometido a informe.

4. Legalidade

O proxecto someterase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co dito artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.



De acordo co indicado, e logo da proposta elevada pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, considérase que este Proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

A persoa titular da Secretaria Xeral Técnica, logo de ver a proposta do subdirector xeral de Réxime Xurídico, da Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, considera que o proxecto de decreto sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza